

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**4503** *Lei 5/2010, do 17 de marzo, pola que se modifica a Lei 48/1960, do 21 de xullo, de navegación aérea.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### PREÁMBULO

No contorno dos aeroportos competencia do Estado estase a producir unha situación de inseguridade xurídica que prexudica tanto os donos ou ocupantes dos bens subxacentes, afectados pola navegación aérea, como a adecuada prestación dos servizos ligados ás ditas infraestruturas.

Esta situación agravouse ata pór en risco a efectividade dos dereitos dos que residen nas poboacións próximas aos aeroportos, polo que resulta inaprazable implantar as medidas correctoras necesarias para asegurar que o impacto acústico e aeronáutico de tales infraestruturas cumpre coas directivas comunitarias e a normativa estatal.

Por outra parte, os aeroportos de interese xeral son vitais para a economía nacional e, especialmente no actual contexto de crise económica, resulta imprescindible establecer un marco xurídico claro que lles permita aos seus usuarios coñecer con certeza a capacidade operativa actual de tales infraestruturas e a que pode esperarse delas.

Neste contexto, resulta urxente e inaprazable adecuar a Lei de navegación aérea á máis recente normativa internacional e comunitaria reguladora dos conflitos de intereses que se producen nos contornos aeroportuarios. Con isto implántanse as medidas protectoras necesarias para salvagardar os dereitos dos afectados polo impacto acústico dos aeroportos de competencia estatal, así como garantir que estas infraestruturas poidan seguir sendo un elemento clave para o desenvolvemento da economía nacional e para o emprego.

Esta reforma da Lei de navegación aérea procura garantir o xusto equilibrio entre os intereses da economía nacional e os dereitos dos donos dos bens subxacentes, todo isto conforme a recente Resolución A35/5 da 35 Asemblea da Organización Civil Internacional (OACI) e a normativa internacional e comunitaria.

Con tal fin, obrígase o Estado a garantir que nas poboacións circundantes aos aeroportos se respectan os obxectivos de calidade acústica fixados na normativa estatal, así como a establecer servidumes acústicas, coas correspondentes medidas correctoras, para o caso en que se superen tales obxectivos. Tamén se obriga a autoridade aeronáutica e o xestor aeroportuario a avaliar continuamente o impacto ocasionado pola infraestructura e a adoptar as medidas necesarias para compatibilizar a súa explotación eficiente cos dereitos dos donos ou ocupantes dos bens subxacentes.

Finalmente, a disposición transitoria da lei estende a aplicación destas medidas aos aeroportos xa existentes e ás situacións xurídicas en que xa se encontran os donos ou ocupantes dos bens subxacentes. Igualmente, nos principais aeroportos competencia do Estado, adiántase aos próximos seis meses o prazo, ata agora fixado no ano 2020, en que deberán aprobarse as correspondentes servidumes acústicas.

**Artigo único.** *Modificación da Lei 48/1960, do 21 de xullo, de navegación aérea.*

O artigo 4 da Lei 48/1960, do 21 de xullo, de navegación aérea, quedará redactado como segue:

## «Artigo 4.

1. Recoñécese o dereito dos donos ou ocupantes dos bens subxacentes a ser resarcidos, conforme os capítulos IX e XIII desta lei, a Lei 37/2003, do 17 de novembro, os tratados internacionais e o dereito comunitario, dos danos e perdas que se lles ocasionen como consecuencia do seu deber de soportar a navegación aérea.

2. O xusto equilibrio entre os intereses da economía nacional e os dereitos das persoas residentes, traballadoras, propietarias, usuarias de servizos ou ocupantes de bens subxacentes, obrigará o Estado, respecto dos aeroportos da súa competencia:

a) A garantir que para as persoas residentes, traballadoras, propietarias, usuarias de servizos ou ocupantes de bens subxacentes nas poboacións circundantes aos ditos aeroportos se respecten os obxectivos de calidade acústica fixados na normativa aplicable. Sempre que se cumpran estes obxectivos será obrigatorio soportar os niveis sonoros, sobrevoos, frecuencias e impactos ambientais xerados pola navegación aérea, sen prexuízo do dereito dos afectados a denunciaren os incumprimentos da normativa aeroportuaria ou aeronáutica que se puideren producirse e a pedir a súa reparación.

b) A aprobar plans de acción, que inclúan as correspondentes medidas correctoras, cando se establezan servidumes acústicas que permitan superar os obxectivos de calidade acústica no exterior das edificacións, os sobrevoos, frecuencias e impactos ambientais asociados a aqueles.

Os plans de acción recollerán, así mesmo, medidas compensatorias para os municipios en que se superen os obxectivos de calidade acústica no exterior das edificacións.

3. O xusto equilibrio entre os intereses en conflito obrigará, así mesmo, a autoridade aeronáutica competente e o xestor aeroportuario a avaliar continuamente o impacto ocasionado pola infraestrutura ás poboacións circundantes, a vixiar e sancionar os incumprimentos que se poidan producir e, en xeral, a instar ou adoptar as medidas pertinentes para compatibilizar unha explotación eficiente da infraestrutura aeroportuaria cos dereitos dos donos ou ocupantes dos bens subxacentes.

4. Para cada aeroporto crearase unha comisión mixta que previa e preceptivamente emitirá informe sobre o establecemento das servidumes acústicas e os plans de acción asociados, velando así mesmo polo seu cumprimento. A comisión mixta estará formada por un representante do Ministerio de Fomento, un representante do ente xestor correspondente, un representante do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e tres representantes designados polas comunidades autónomas, dos cales un, polo menos, deberá representar os concellos afectados.

A comisión mixta terá unha presidencia rotatoria entre os seus membros, e as súas sesións celebraranse por convocatoria previa do seu presidente, por propia iniciativa ou cando así o solicite calquera dos seus membros. Os seus acordos adoptaranse por consenso. Non obstante, cando as discrepancias no seo da comisión impidan os acordos unánimes, un informe recollerá o conxunto das posicións discrepantes.

A comisión poderá consultar con representantes sindicais, empresariais e veciñais en relación cos asuntos que sexan obxecto das sesións que celebre.

Para a aprobación dos plans de acción e o establecemento das servidumes acústicas a que se refire o número 2 anterior, o Ministerio de Fomento pedirá o informe dos concellos e/ou das demais administracións afectados polas ditas servidumes, conforme o disposto nos artigos 82 e 83 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, os cidadáns afectados polos plans de acción poderán participar no seu establecemento, para cuxo efecto se someterá a información pública, que se realizará de conformidade co disposto no artigo 86 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A comisión mixta poderá convocar ás súas reunións para debates específicos os concellos afectados que non formen parte dela. A participación específica destes concellos será con voz pero sen voto.»

#### **Disposición adicional.**

As administracións autonómicas e locais deberán ter en conta as servidumes acústicas, os plans de acción, os plans directores e os plans ou programas de expansión ou ampliación aeroportuarios para adaptar os seus ordenamentos urbanísticos, a fin de non xerar lesións ou prexuízos aos donos ou ocupantes dos bens subxacentes. Para tal efecto, o xestor aeroportuario asegurará o cumprimento dos prazos establecidos na normativa aplicable.

#### **Disposición transitoria. Réxime transitorio.**

1. O artigo 4 da Lei de navegación aérea será aplicable ás infraestruturas aeroportuarias preexistentes, así como aos dereitos recoñecidos aos donos ou ocupantes dos bens subxacentes, que serán en todo caso respectados, sen menoscabo ningún para a aplicación dos principios establecidos no artigo 9.3 da Constitución española.

2. As servidumes acústicas aprobaranse nos prazos resultantes da normativa estatal do ruído. Non obstante, a Administración xeral do Estado adiantará a aprobación das servidumes acústicas e dos plans asociados, que se producirá no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei para os aeroportos de máis de 250.000 movementos ao ano, e no prazo de doce meses desde a entrada en vigor desta lei para os aeroportos de entre 50.000 e 250.000 movementos ao ano.

O xestor aeroportuario, motivadamente, cando así se xustifique por razóns obxectivas relacionadas co volume de tráfico e poboación afectada, poderá propor a anticipación respecto dos prazos previstos legalmente no establecemento, para outros aeroportos distintos dos mencionados no parágrafo anterior, de servidumes acústicas e plans de acción asociados.

3. Ata a efectividade destas servidumes e os seus plans de acción garantirase o respecto ao establecido nas respectivas declaracións de impacto ambiental, calquera que sexa o número dos sobrevoos e as súas frecuencias.

Os prazos previstos na disposición adicional terceira.4 do Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, afectarán tanto os obxectivos ambientais dos plans de acción a que se refire a dita disposición, como os sobrevoos, frecuencias e impactos ambientais asociados a tales obxectivos.

#### **Disposición derradeira primeira. Título competencial.**

Esta lei dítase ao abeiro das competencias atribuídas con carácter exclusivo ao Estado no artigo 149.1.20.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup> da Constitución.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 17 de marzo de 2010.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO